

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Área Económica

Aprobación definitiva do Regulamento de auga e modificación da Ordenanza fiscal n.º 15 (taxa auga potable). Pleno 24.11.2016

#### EDICTO

En sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello de data 24 de novembro do 2016, adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobación inicial do novo Regulamento da subministración domiciliaria de auga e derogación do anterior. O texto no novo Regulamento é o seguinte:

#### “REGULAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DOMICILIARIA DE AUGA DO CONCELLO DE OLEIROS

##### Capítulo I.–Exposición de motivos

##### Capítulo II.–Normas xerais

##### Capítulo III.–Contido do servizo do abastecemento da auga

Sección 1.ª.–Dereitos e obrigas da entidade subministradora e dos/as abonados/as

Sección 2.ª.–Regularidade e continuidade na prestación do servizo

Sección 3.ª.–Prestación do servizo

##### Capítulo IV.–Instalacións do abastecemento da auga

Sección 1.ª.–Disposicións xerais

Sección 2.ª.–Acometidas e punto de subministración

Sección 3.ª.–Instalacións interiores

Sección 4.ª.–Equipos de medida

##### Capítulo V.–Solicitude de acometida e contratación dos servizos

Sección 1.ª.–Solicitude de acometida

Sección 2.ª.–Contratación

Sección 3.ª.–Condicións xerais

##### Capítulo VI.–Lecturas e exacción de taxas

##### Capítulo VII.–Tarefas de inspección, defraudacións e infraccións

##### Capítulo VIII.–Reclamacións, recursos e xurisdición

##### Disposición adicional

##### Disposición transitoria

##### Disposición derogatoria

##### Disposición final

En virtude das facultades conferidas polos artigos 4.1.a) e 49) da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello de Oleiros, dita o presente Regulamento que regula a prestación do servizo de abastecemento de auga dentro do termo municipal.

## CAPÍTULO I.-EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A auga é un elemento necesario para a vida e para o desenvolvemento das actividades económicas, pero ao mesmo tempo é un elemento escaso. Por este motivo, débese favorecer e incentivar o seu uso racional. O abastecemento de auga para o consumo humano efectuarase de acordo aos criterios xerais de uso racional, conservación e mellora do medio ambiente, sustentabilidade, e recuperación de custos do servizo, de conformidade coa Directiva Marco da auga e coa lexislación española vixente (comunitaria, estatal ou autonómica), dando prioridade ao abastecemento de vivendas e aos servizos sociais básicos fronte a outros usos.

O regulamento do servizo que vai ser substituído aprobouse no ano 1967, polo que desde esa data, o marco normativo legal en xeral, e normativa específica en materia de augas experimentaron cambios relevantes, tanto a nivel europeo, como a nivel estatal e autonómico. Neste sentido, os concellos gozan dun importante ámbito de competencias, atribuídas tanto pola lexislación xeral de réxime local como pola lexislación sectorial de augas que o converten nun servizo de prestación obligatoria para todos os municipios.

Así, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, corresponde ao municipio exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de subministración de auga e de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais. Por outra banda, o Decreto 140/2003, do 7 de febreiro establece os criterios sanitarios da calidad da auga de consumo humano, e o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, aproba o Código técnico da edificación no que se tratan amplos aspectos relativos ás características técnicas das instalacións.

A Lei 9/2010 de augas de Galicia establece as funcións das entidades locais en relación coa subministración de auga potable e a explotación do servizo. O art. 31.4 da citada disposición establece que as entidades locais deberán aprobar a correspondente ordenanza municipal establecendo para o efecto o seu contido mínimo relativo ao réxime de prestación do servizo, os supostos de suspensión da prestación e previsión de abastecemento en situacións de emerxencia; á rede pública de tomas de auga; ás características do réxime de contratación por parte das persoas usuarias; ao réxime de implantación e funcionamento dos mecanismos de medición directa do consumo efectivo en alta e baixa. O art. 92 da Lei de augas de Galicia determina a potestade sancionadora das entidades locais e a de adopción de medidas cautelares relativas á suspensión temporal da actividade, das concesións ou autorizacións e no establecemento de fianzas que garantan o cobro das sancións.

Estas amplas competencias municipais, así como as novedades introducidas na regulación da subministración da auga potable anteriormente sinaladas, fan imprescindible a elaboración do presente regulamento, co obxectivo de adecuar a normativa local do servizo de abastecemento ao novo marco legal.

Segundo estas premisas, este regulamento ten por obxecto regular o servizo de subministración de auga potable no territorio do Concello de Oleiros, determinar as relacións entre a entidade subministradora do servizo e os/as abonados/as, e fixar os dereitos e as obrigacións básicas de cada unha das partes, así como todos aqueles aspectos técnicos, ambientais, sanitarios e contractuais propios do servizo público.

## CAPÍTULO II.-NORMAS XERAIS

### Artigo 1.-Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas respecto á prestación do servizo de subministración de auga potable a domicilio, e as relacións entre os/as abonados/as e a entidade subministradora que asume a xestión do mesmo no Concello de Oleiros.

### Artigo 2.-Normas xerais.

#### 1.-Normativa aplicable:

A distribución e subministro de auga potable a domicilio e a facturación pola prestación do citado servizo son actividades de competencia exclusiva das administracións locais (artigos 25 e 26 LRBRL), polo que toda a normativa recollida no presente regulamento e nas demais normas municipais e de obrigado cumprimento dentro do ámbito de aplicación. Ademais axustarase ao establecido na seguinte normativa:

- Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.
- Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, que establece os criterios sanitarios da calidad da auga de consumo humano,
- Normativa básica estatal e autonómica vixentes en cada momento.

**2.-Ámbito de aplicación:**

O presente regulamento será de obrigado cumprimento na totalidade do termo municipal de Oleiros.

**Artigo 3.-Competencias.**

O Concello de Oleiros, prestará o servizo descrito no artigo 1.º do presente regulamento, en calquera das formas previstas nas normas de aplicación vixentes.

As instalacións do servizo son bens do dominio público municipal, na súa modalidade de bens de servizo público, correspondendo ao Concello de Oleiros:

- a) A realización, ampliación, explotación e mantemento da rede de distribución.
- b) A subministración de auga aos/ás abonados/as nas debidas condicións de caudal, regularidade e potabilidade.
- c) A regulación das acometidas.

**Artigo 4.-Definicións.**

**Abonado/a.**—Para os efectos do presente regulamento, entenderase por abonado/a o/a titular da póliza de abono subscrita para a subministración de auga potable, que poderá ser persoa física ou xurídica.

**Póliza de abono.**—Ou contrato de subministración, e o documento que habilita ao/á abonado/a para poder contar coa subministración de auga e a entidade subministradora para poder recibir a contra prestación correspondente. Neste reflexaranse entre outras, as condicións da subministración.

**Entidade subministradora.**—Para os efectos deste regulamento considérase entidade subministradora de auga potable, ao Concello de Oleiros, sen prexuízo do modelo de xestión directa ou indirecta que se decida para a explotación da prestación do servizo.

**Artigo 5.-Vixencia.**

O presente regulamento terá vixencia indefinida, sempre que non resulte modificada total ou parcialmente por unha disposición de igual ou superior rango.

### CAPÍTULO III.-CONTIDO DO SERVIZO DO ABASTECIMENTO DA AUGA

#### SECCIÓN PRIMEIRA.—DEREITOS E OBRIGACIÓN DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DOS/AS ABONADOS/AS

**Artigo 6.-Contido da obligación da prestación.**

1.—O servizo de abastecimiento de auga potable a domicilio constitúe un servizo público, polo que teñen dereito a utilizarlo cantas persoas físicas ou xurídicas o soliciten, sen outras limitacións e obligacións que as imposta polo presente regulamento, e, en xeral, pola normativa que resulte de aplicación.

**Artigo 7.-Obrigacións da entidade subministradora.**

A entidade subministradora, cos recursos ao seu alcance e no ámbito da súa competencia que ten asumida, vén obligada a distribuír e situar nos puntos de toma dos/as abonados/as a auga potable, conforme as condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

Son obligacións da entidade subministradora:

- a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para a prestación do servizo de abastecemento.
- b) Garantir a potabilidade da auga que fornece, de acordo coas disposicións sanitarias vixentes.
- c) Manter a regularidade e continuidade na subministración de auga nos termos contidos nos artigos 13 e 14 deste regulamento, aínda que non lle serán imputables as interrupcións do servizo nos supostos indicados neste regulamento.
- d) Aplicar aos distintos tipos de servizos prestados, as tarifas en cada momento vixentes.
- e) Contestar calquera reclamación que se lle formule por escrito de forma motivada nos termos establecidos nas normas que rexan a actuación das administracións locais.
- f) Facilitar información detallada e actualizada dentro do ámbito territorial no que presta os seus servizos, da área ou áreas de cobertura que domina, coas súas instalacións de abastecemento de auga.

g) Dentro da súa área de cobertura, conceder a subministración a toda persoa ou entidade que o solicite e á ampliación deste, todo iso nos termos e condicións técnicas establecidas no regulamento.

h) A entidade subministradora está obrigada, salvo en caso de avarías accidentais ou causa de forza maior, a manter na chave de rexistro a de presión de 1,5 Atm e o "caudal de auga permanente" (Q3) do contador contratado, ambos cunha tolerancia de +/- 20%.

i) A entidade subministradora está obrigada a manter un servizo permanente de recepción de avisos, ao que os/as abonados/as ou usuarios/as poidan dirixirse a calquera hora, para comunicar avarías e recibir información en caso de urxencia.

j) A entidade subministradora está obrigada a manter e conservar ao seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento, así como as acometidas en todo o seu tramo público.

#### **Artigo 8.-Dereitos da entidade subministradora.**

Son dereitos básicos da entidade subministradora, ademais de cantos outros se deriven do presente regulamento e demais normas legais, os seguintes:

a) Inspeccionar, revisar e intervir as instalacións interiores que se atopen ou poidan atoparse en servizo ou uso. Iso inclúe a determinación das condicións de instalación dos sistemas técnicos de control de consumos aprobados no seu ámbito de actuación.

b) Percibir dos/as abonados/as o importe dos servizos que presta, de acordo coas tarifas vixentes en cada momento, as cales deberán garantir o mantemento e desenvolvemento dos servizos do abastecemento da auga.

#### **Artigo 9.-Obrigacións dos/as abonados/as.**

Con independencia daquellos situacions que sexan obxecto de regulación especial no presente regulamento e que poidan orixinar obligacións específicas para algúns/algúns abonados/as, estes terán con carácter xeral as seguintes:

a) Formalizar o contrato de subministración, nas condicións que máis adiante se detallan.

b) Facilitar á entidade subministradora a colocación e lectura dos elementos precisos para o aforamento da subministración -tanto os contadores como os sistemas de tele-lectura, permitindo o acceso á súa propiedade do persoal debidamente autorizado que así o acredeite, co fin de que poida efectuar cantas comprobacións esteán relacionadas co servizo.

Así mesmo terán a disposición da entidade subministradora en perfectas condicións de uso os locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso. Os devanditos locais situaranse en dependencias accesibles e/ou comúns do inmoble servido.

c) Utilizar de forma correcta a auga e as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas adecuadamente, evitando en todo caso tanto os consumos innecesarios, como a introdución doutras fontes de alimentación de augas, así como o retorno á rede de posibles augas contaminantes.

Para ese efecto, o/a abonado/a virá obrigado a:

- Instalar os equipos correctores necesarios no caso de que se produzcan perturbacións nas redes de abastecemento.
- Modificar o rexistro ou arqueta do contador, e mesmo, a súa instalación interior, cando iso sexa preciso para colocar un novo contador ou substituír o existente ata ese momento; en particular para adaptar a instalación existente aos sistemas de lectura a distancia que adopte a entidade subministradora.
- Impedir derivacións das instalacións de subministración contra incendios para outros fins, e tomar auga destas fóra dos supostos expresamente autorizados.
- Reparar calquera avaría nas súas instalacións.
- A adopción de calquera outra medida que resulte precisa para garantir o uso adecuado da subministración de auga.

d) Evitar calquera manipulación dos aparellos de medida,-incluídos os equipos de tele-lectura- procurando as condicións idóneas para a súa lectura ou substitución, mantendo intactos os seus precintos.

e) Non modificar a localización do contador, ou dos seus accesos, sen autorización previa da entidade subministradora.

f) Non manipular as chaves de paso situadas na vía pública sen causa xustificada, esteán ou non precintadas.

g) Utilizar a auga fornecida na forma e para os usos contratados, debendo solicitar da entidade subministradora a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique un aumento nos caudais contratados, unha variación no número de tomas, ou en xeral, alteración das condicións do contrato.

h) Non ceder nin gratuíta, nin de maneira remunerada, augas a terceiros nin, en consecuencia, establecer ou permitir derivacións das súas redes, ben sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable o/a abonado/a de toda defraudación que se produza na súa subministración, con independencia de quen a efectuase.

i) Atender ao pago das tarifas en cada momento vixentes en base aos consumos de auga rexistrados, áñda cando estes se orixinanen por fuga, avaría ou defectos de construcción ou conservación das instalacións interiores, así como por calquera outros conceptos, nos termos que se estableza no regulamento correspondente.

j) Dar conta de calquera cambio na titularidade do contrato.

k) No suposto de inmóbiles, urbanizacións ou polígonos abastecidos mediante un único contador, constituir legalmente a comunidade de propietarios, entidade urbanística colaboradora, ou, en xeral, a entidade que asuma a titularidade do conxunto para abastecer ou a responsabilidade na prestación do servizo respecto dos seus membros; dando conta á entidade subministradora de calquera modificación ou cambio que se produza.

l) Poñer en coñecemento da entidade subministradora, calquera avaría ou perturbación que se produza na rede xeral de distribución.

m) Non servirse para fins particulares dos sistemas de tele-lectura da entidade subministradora, así como non acceder á información transmitida por estes, nin alterar o seu contido.

#### **Artigo 10.-Dereitos dos/as abonados/as.**

Asístelle ao/á abonado/a os seguintes dereitos:

a) A formalizar por escrito un contrato, no que se estipulen as condicións básicas da prestación do servizo.

b) A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos na normativa vixente.

c) Á disposición permanente da subministración de auga potable, con arranxo ás condicións que se sinalen no seu contrato de subministración, sen outras limitacións que as contempladas no presente regulamento e demais disposicións aplicables.

d) A formular consultas en todas aquellas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación á súa subministración, e a recibir contestación polo mesmo medio, e nos termos establecidos nas normas que rexan a actuación das administracións locais.

e) A solicitar a verificación do aparello de medida polo organismo correspondente cando existisen diverxencias sobre o seu correcto funcionamento.

f) A formular unha reclamación fronte á actuación da entidade subministradora ou do seu persoal, no ámbito das súas competencias, mediante un escrito que presentará no Registro Xeral das oficinas desta entidade, do que lle será devolta copia selada, así como segundo os demais modos previstos na lexislación reguladora do réxime xurídico, funcionamento, organización e procedemento, aplicable ás administracións locais.

g) A que se lle practique a exacción das taxas polos servizos coa mesma periodicidade que a establecida para a súa lectura.

h) A que non sexa obrigatoria a súa comparecencia persoal para realizar cobros, pagamentos ou trámites similares, sempre que non resulte necesario.

i) A ser atendido sen esperas, permanencias excesivas ou, en xeral, en circunstancias lesivas para a dignidade das persoas.

j) A que se lle tome pola entidade subministradora a lectura ao equipo de medida que controle a subministración, cunha frecuencia non superior a 6 meses.

k) A que se lle formule a factura dos servizos que reciba, cunha periodicidade máxima de tres meses.

l) A que se formalice, por escrito, un contrato no que se estipulen as condicións básicas da subministración determinadas neste regulamento.

#### **SECCIÓN SEGUNDA.-REGULARIDADE E CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **Artigo 11.-Regularidade e continuidade na prestación do servizo.**

1.-A entidade subministradora ten obriga de manter permanentemente o servizo de subministración, salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, supostos nos que non poderá esixirse ningunha responsabilidade ao respecto.

2.-A entidade subministradora non está obrigada a realizar ningún desconto ou indemnización ao/á abonado/a en caso de interrupción da subministración de auga, cando esta estea ocasionada por avaría ou obras na rede de subministración en alta, ou por unha alerta sanitaria decretada pola autoridade competente.

3.-A entidade subministradora non está obrigada a realizar ningún desconto ou indemnización ao/á abonado/a en caso de interrupción da subministración de auga, cando esta está ocasionada por avaría fortuita ou causada por terceiros de forma accidental ou intencionada no sistema de distribución municipal, sempre que a dita interrupción non durase máis de 3 días.

4.-A entidade subministradora poderá suspender temporalmente o servizo por necesidades ineludibles de conservación, reparación e ampliación sen que a suspensión dea lugar a indemnización.

5.-Nos casos de cortes previsibles e programados, a entidade subministradora estará obrigada a dar publicidade destes por calquera dos medios ao seu alcance, como prensa, radio, carteis-aviso nos edificios, etc., con polo menos, 24 horas de antelación.

6.-Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, todos os locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, e, especialmente, nos centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas que aseguren unha autonomía de abastecemento acorde coas necesidades mínimas que deban cubrirse, e polo menos para un tempo non inferior de vinte e catro horas.

Igualmente, deberán calcular e establecer as súas reservas as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de producción ou conservación de produtos, de forma que quede asegurado o seu auto-abastecemento mínimo durante, polo menos, 24 horas.

A instalación destes depósitos de reserva terase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo.

Así mesmo irán dotados da correspondente válvula de retención para evitar unha descarga accidental na rede xeral. Calquera instalación contra incendios deberá contar co almacenamento suficiente para garantir os caudais instantáneos que a lexislación estableza.

10.-Será preciso que os/as abonados/as prevexan, coas medidas de seguridade necesarias, as consecuencias que sobre as súas instalacións e aparellos receptores poidan producir os cortes de subministración por forza maior, traballos de conservación ou de ampliación da rede responsabilidade respecto diso.

#### **Artigo 12.-Restriccóns na subministración.**

Cando circunstancias de escaseza de caudais ou dificultades no tratamento así o aconsellen, a entidade subministradora poderá imponer restriccóns na subministración.

Neste caso, estará obrigado a informar aos/ás abonados/as o máis claramente posible das medidas que se vaian tomar, así como a data de inicio, a través dos medios de comunicación de maior difusión.

As restriccóns de subministracións debidas ás causas anteriormente mencionadas, poderán efectuarse en función do uso contratado, primando en todo momento o uso doméstico e prohibindo a rega tanto das fincas particulares, como dos espazos públicos.

### **SECCIÓN TERCEIRA.-PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **Artigo 13.-Obrigatoriedade de prestación do servizo.**

1.-A entidade subministradora concederá a subministración de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o solicitan para efectualo en edificios, locais ou recintos situados dentro do ámbito da súa competencia, sempre que estes reúnan os requisitos esixidos por este regulamento e demais normativa vixente, e o solicitante estea en condicións de recibilo.

2.-En todo caso, a concesión de subministracións estará supeditada ás posibilidades de dotación de auga con que conte a zona onde se sitúe a instalación do solicitante, información que terá á súa disposición nas oficinas da entidade subministradora.

3.-A entidade subministradora axustarase, en tal sentido, ao que sobre este particular recolle o vixente Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se “establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano”.

**Artigo 14.-Solicitud de alta no servizo.**

1.–Os interesados na subministración de auga potable solicitaran á entidade subministradora, indicando, segundo os casos, o tipo de actividade a que han de dedicar os caudais e contía prevista nestes.

2.–A entidade subministradora facilitará información sobre as características que deberán reunir as instalacións particulares, sobre a posibilidade ou non de realizar as subministracións, e sobre o tipo ou tipos de tarifas ás que quedaría suxeito, así como do importe de dereitos de alta.

**Artigo 15.-Solicitud de manobra na rede de distribución e/ou acometida.**

Calquera manobra a realizar sobre a rede de distribución ou a acometida á instalación interior dun/unha abonado/a será efectuada única e exclusivamente pola entidade subministradora.

As persoas interesadas en que se efectúe algunha interrupción de subministración ou corte sobre a rede de distribución ou a acometida, ata a chave de rexistro incluída, deberán solicitalo á entidade subministradora, e estarán obrigados a satisfacer as taxas que se establezan para o efecto na Ordenanza fiscal municipal.

**Artigo 16.–Subministracións que impliquen ampliación ou modificación de instalacións da rede de distribución en solo urbano.**

1.–A concesión de novas subministracións en zonas urbanas que se atopen non abastecidas ou que necesiten unha ampliación ou modificación da rede existente na zona, estará supeditada ás posibilidades técnicas e económicas do sistema de abastecemento.

2.–Para tales efectos, considerarase que un punto non está abastecido cando no lugar no que se solicita a acometida non existe a rede.

3.–Considerarase que un punto está insuficientemente abastecido cando o caudal sexa insuficiente para a nova demanda solicitada.

4.–A entidade subministradora estará obrigada a manter unicamente na chave de rexistro as condicións de presión e caudal establecidas en punto h) do art. 7 do Regulamento. No caso de que a presión resulte inferior á demandada o/a abonado/a encargarase da instalación e mantemento dun equipo de sobre-presión, así como de toda a instalación posterior ao devandito sistema.

## CAPÍTULO IV.–INSTALACIÓN DO ABASTECIMENTO DA AUGA

### SECCIÓN PRIMEIRA.–DISPOSICIÓN XERAIS

**Artigo 17.–Relación de instalacións de abastecemento.**

Considéranse instalacións en servizo aquelas que se atopan en uso permanente e continuo na prestación do servizo de abastecemento, respondendo a algúns dos tipos que se relacionan a continuación:

a) De carácter xeral:

- Punto de entrega
- Conducións xerais
- Depósitos de regulación

b) Para os/as abonados/as en rede secundaria:

- Redes de distribución
- Acometidas
- Instalación interior do/a abonado/a

**Artigo 18.–Definición das instalacións de abastecemento.**

1.–Os puntos de entrega son o espacio físico por onde se reciben os caudais subministrados en alta por EMALCSA. Están formados por un conxunto de válvulas e contador xeral por onde se factura toda a auga que se inxecta xa tratada, a rede de distribución.

2.–Considéranse conducións xerais ás canalizacións, tubaxes e bombeos, cos seus elementos de manobra e control, que conducen a auga desde os puntos de entrega ata os depósitos reguladores ou enlazan sectores do abastecemento ata a rede de distribución.

3.–Os depósitos reguladores son o conxunto de receptáculos destinados ao almacenamento transitorio da auga tratada en espera do seu envío á rede de distribución.

4.–Denomínase rede de distribución ao conxunto de tubaxes, cos seus elementos de manobra e control, que conducen a auga a presión polas rúas dunha poboación, e das que se derivan as acometidas para a subministración aos/ás abonados/as.

5.–Denomínase acometida, ao conxunto de tubaxes coas súas chaves correspondentes, que partindo da rede de distribución, enlázana coa instalación interior. Será de titularidade pública todo o tramo da dita acometida que discorra polo espazo público.

6.–A instalación interior do/a abonado/a discorre toda ela pola propiedade privada e iníciase no tramo de acometida inmediatamente posterior ao que discorre polo espazo público. Está formada polo conxunto de tubaxes, elementos de control, manobra e seguridade posteriores a esta, no sentido da circulación normal do fluxo da auga que teñen por obxecto distribuír a auga do recinto, local ou vivenda nos termos previstos na normativa aplicable.

#### **Artigo 19.–Obras de ampliación e renovación de redes de abastecemento.**

1.–Se a rede de subministración existente nunha área urbana determinada non permite satisfacer adecuadamente o consumo que xeren as novas solicitudes de conexión, a entidade subministradora aprobará o correspondente proxecto técnico de modificación da rede que faga posible a correcta subministración.

2.–Se para realizar unha nova conexión é preciso facer unha prolongación da rede de distribución, a entidade subministradora aprobará o correspondente proxecto técnico de ampliación. As obras de modificación e ampliación mencionadas serán executadas pola entidade subministradora con suxeición ao proxecto e orzamento aprobado por este.

3.–As obras de ampliación da rede discorrerán por terreos de dominio público. Se excepcionalmente se tivese que executar a canalización por terreos privados, os donos deberán pór a libre disposición da entidade subministradora unha franxa de 3,00 m de ancho ao longo do percorrido da rede ou constituír unha servidume a prol deste, que será inscrita no rexistro da propiedade.

4.–Como as instalacións resultantes das obras de modificación ou ampliación da rede mencionadas son de titularidade pública, a entidade subministradora poderá autorizar as conexións a ela dos empalmes existentes con anterioridade á realización das obras.

#### **Artigo 20.–Instalacións en ámbitos de execución do plan urbanístico.**

1.–A rede de subministración de auga potable dos ámbitos de execución de plan urbanístico, a conexión ao sistema xeral de distribución de auga, o reforzo da rede de distribución ou a súa ampliación, as acometidas e demais elementos vinculados á rede de subministración de auga contemplados no proxecto de urbanización serán executadas polo promotor do desenvolvemento urbanístico, ao seu cargo.

2.–A recepción por parte da entidade subministradora das novas instalacións estará supeditada ao cumprimento previo das seguintes condicións:

a) As redes interiores de distribución de auga deberán ser proxectadas por un/unha técnico/a competente e aprobadas polo Concello de Oleiros de acordo ao Regulamento de obras de urbanización e ao PXOM que se encontre vixente nese momento.

b) As instalacións das redes de subministración propias de urbanizacións, de novas rúas ou de unidades de execución serán realizadas polo promotor do desenvolvemento urbanístico con suxeición ao proxecto de urbanización aprobado polo Concello de Oleiros, baixo a dirección de técnico competente e de conformidade coas normas técnicas aplicables.

c) Durante a realización das obras, ou antes da súa recepción, a entidade subministradora poderá esixirlle ao promotor ou propietario as probas e ensaios que xulgue convenientes para garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das normas de calidade dos materiais. Estas probas e ensaios serán por conta do promotor ou propietario da urbanización.

d) En ningún caso estará autorizado o promotor ou o executor da urbanización ou polígono, para realizar as acometidas de abastecemento nos posibles edificios, solares ou parcelas de que se trate, sen a previa autorización da entidade subministradora e con formalización da correspondente concesión

e) Logo de estar rematadas as instalacións, estas serán verificadas pola entidade subministradora e se as atopa conformes levarase a cabo a súa incorporación á rede pública como se recolle no artigo 21 deste regulamento.

f) En ámbitos de execución do plan nos que en virtude do establecido neste artigo as acometidas, as redes interiores, as ligazóns destas cos da entidade subministradora e os reforzos, ampliacións e modificacións destas, fosen executadas polo/a promotor/a, a entidade subministradora non poderá percibir dos peticionarios das subministracións a compensación económica por dereito de acometida, ao ser realizado o investimento económico polo/a promotor/a do desenvolvemento urbanístico mediante a execución das obras de urbanización.

#### **Artigo 21.–Recepción pública de infraestruturas de abastecemento.**

1.–Unha vez concluídas as obras, e solicitada a súa recepción por parte do/a promotor/a, a entidade subministradora emitirá un informe onde se fixe o grao de cumprimento da normativa técnica vixente, especificando, se as houbese, as anomalías detectadas.

2.–Pola súa natureza inventariable, xunto á solicitude de recepción pública da nova infraestrutura debe acompañarse un estado de dimensións e características da obra executada (gráfica e descriptiva) que defina con detalle as obras realizadas tal como se encontran no momento da recepción.

3.–O incumprimento dos requisitos de calidad dos materiais e/ou prescripcións técnicas especificadas na normativa técnica vixente, será motivo suficiente para a non recepción pública, parcial ou total, da infraestrutura da que forman parte.

4.–A utilización de materiais non incluídos na normativa técnica local, deberá ser previamente xustificada e aprobada pola entidade subministradora.

### **SECCIÓN SEGUNDA.–ACOMETIDA E PUNTO DE SUBMINISTRACIÓN**

#### **Artigo 22.–Definición e elementos compoñentes das acometidas.**

1.–Enténdese por acometida ao conxunto de tubaxes coas súas chaves correspondentes, que partindo da rede de distribución, enlázana coa instalación interior. Será de titularidade pública todo o tramo da dita acometida que discorra polo espazo público.

2.–A acometida consta dos seguintes elementos:

a) Colar de toma: dispositivo que envolve a tubaxe da rede de distribución da que se pretende realizar a acometida e que posibilita o trade daquela sen interromper a subministración.

b) "T" de derivación: instalarase en casos nos que a entidade subministradora así o considere para desprazar a chave de acometida ou cando ben o diámetro da tubaxe onde se enxerta ou pola sección da propia acometida así o aconsellen.

c) Chave de rexistro ou de acometida: Mecanismo de obturación obligatorio situada no espazo público que se instalará no colar de toma ou ben na tubaxe de ligazón ou ramal no caso de utilizar "T" de derivación. A súa manipulación está reservada única e exclusivamente á entidade subministradora.

#### **Artigo 23.–Características das acometidas.**

1.–As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidad dos seus materiais, forma de execución e punto de conexión, serán determinadas pola entidade subministradora. Terase en conta a presión da rede, o uso á que se vai destinar a subministración, a situación do local, e demais circunstancias que poidan afectar á subministración, incluída a harmonización coas normas que se diten pola administración competente para as instalacións interiores.

2.–A súa sección virá condicionada pola declaración de consumos que formule o/a abonado/a e polas dispoñibilidades da rede de distribución.

Como norma xeral, a rede de distribución da que parte a acometida deberá estar en perfecto estado de servizo e o seu diámetro interior deberá ser, como mínimo, o dobre ao da acometida a derivar, salvo nos casos xustificados e co informe técnico previo da entidade subministradora. Á súa vez, o consumo pola nova acometida non debe modificar, de maneira substancial, a xuízo da entidade subministradora, o réxime hidráulico da rede de distribución.

A entidade subministradora non será responsable pola deficiencia na subministración que sexa imputable ao mal deseño ou acondicionamento da instalación interior do/a abonado/a nin polos datos derivados da declaración de consumos.

3.–As acometidas realizaranse sobre a tubaxe que sinale a entidade subministradora en función das características destas e as condicións técnicas da rede, e a súa lonxitude será o máis reducida posible para minimizar a posibilidade de avarias e favorecer a súa reparación no caso de producirse.

4.–Como norma xeral realizarase unha acometida por inmoble tendo en conta todos os consumos e locais abastecidos dentro deste.

Excepcionalmente, por necesidades especiais dos locais comerciais en planta baixa, poderase dispoñer de acometidas independentes da xeral do edificio.

5.–Corresponde á entidade subministradora a execución da acometida, a excepción dos ámbitos de execución do plan urbanístico regulados no artigo 20 deste regulamento.

A execución da acometida pola entidade subministradora comprende únicamente a obra mecánica.

6.–A realización da acometida (obra mecánica) será con cargo a “Taxa de alta do punto de subministración” recollida no artigo 27 deste regulamento devindicándose de acordo o establecido na Ordenanza fiscal.

7.–As obras para o tendido da acometida serán efectuadas polo/a abonado/a e baixo a súa responsabilidade. Na súa execución estará obrigado a observar as condicións que lle formule a entidade subministradora e a tramitar as licenzas ou permisos oportunos.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a entidade subministradora poderá executar as obras a que se fai referencia neste, con cargo ao/á abonado/a, e sempre a petición deste.

#### **Artigo 24.–Mantenemento e conservación das acometidas.**

1.–O mantenemento e conservación da acometida en todo o tramo que discorra polo dominio público ou pola servidume da condución da rede xeral de subministración inscrita no Rexistro, efectuarase pola entidade subministradora, con cargo á “taxa de mantenemento do punto de subministración” como se recolle no artigo 26 deste regulamento. Se a avaría fose provocada, a reparación efectuarase con cargo ao causante do dano.

2.–A conservación, mantenemento e reparación no enlace da acometida que discorra fóra do dominio público e que forme parte da instalación interior do inmoble, efectuarase forzosamente a cargo da propiedade.

3.–A responsabilidade no caso de existir fugas de auga, no enlace da acometida que discorra por dominio privado, que causen incidencias a terceiros ou ocasionen danos, deberán ser cubertas polos/as abonados/as.

4.–Como norma xeral, calquera fuga que se localice na vía pública deberá ser reparada pola entidade subministradora, con cargo á “taxa de mantenemento do punto de subministración”.

#### **Artigo 25.–Definición e elementos do punto de subministración.**

O punto de subministración está formado polo tramo da acometida que discorre polo espazo público e polo contador que rexistra o consumo da finca. Constitúe o punto de entrega da entidade subministradora aos/as abonados/as dos caudais demandados por este.

#### **Artigo 26.–Taxa de mantenemento do punto de subministración.**

Abrangue a reparación, mantenemento e substitución tanto do contador instalado como do tramo de acometida que discorre polo dominio público, ata o límite da finca a fornecer. Inclúe localización da avaría, pezas, man de obra, escavación e reposición. Non se inclúen neste mantenemento as chaves, válvulas redutoras de presión e demais pezas que forman o equipo de contador así como as baterías hidráulicas e os armarios onde se aloxen.

A súa contía e a súa devindicación establecerase na Ordenanza fiscal.

#### **Artigo 27.–Taxa de alta do punto de subministración.**

Comprende a realización da acometida (obra mecánica) e a subministración e a instalación do contador.

A realización da acometida inclúe a man de obra e a subministración das pezas e materiais necesarios segundo as súas características. Non abrangue as obras de tendido da acometida: como a escavación, tapado e reposición do firme, que correrán por conta do/a propietario/a ou promotor/a.

A subministración e instalación do contador non inclúe o resto das pezas, chaves e outros dispositivos que forman o “equipo de contador” e que se definen no artigo 34.7 deste regulamento.

A súa contía e a súa devindicación estipularase na Ordenanza fiscal.

#### **Artigo 28.–Dereitos de acometida.**

Os dereitos de acometida son as compensacións económicas establecidas na Ordenanza fiscal que garante o acceso ao servizo de abastecemento. Aboaranse unha soa vez e quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc., aínda cando cambie o/a propietario/a ou o/a abonado/a.

A súa contía e a súa devindicación estipularase na Ordenanza fiscal.

De conformidade co establecido no apartado f) do art. 20 nos ámbitos de execución de plan non se devindicarán os dereitos de acometida ao executar o promotor as obras relativas á rede de subministración de auga.

### **Artigo 29.-Acometidas para servizos contra incendios -contratación das tomas.**

1.-A execución de acometidas para alimentación de sistemas contra incendios realizaranse nas condicións previstas na normativa técnica que resulte de aplicación.

2.-As acometidas de alimentación de sistemas contra incendios efectuaranse sobre a rede xeral e independentemente de calquera outro uso.

3.-Non se poderán realizar derivacións en ningún punto da instalación para outros usos diferentes ao de incendio, sen a autorización expresa da entidade subministradora.

4.-Cando a normativa de incendios esixa unha presión que non poida ser garantida pola entidade subministradora é responsabilidade do/a abonado/a instalar e manter o equipo que lle permita cumplir coa normativa

5.-Estas subministracións únicamente poderán utilizarse polo/a abonado/a en caso de incendio ou sinistro que o xustifiquen. A utilización destas subministracións en probas periódicas da instalación soamente poderá realizarse contando coa autorización da entidade subministradora, e iso, nas horas e condicións fixadas por este.

6.-A conexión á rede pública da subministración contra incendios requirirá a formalización do correspondente contrato de subministración coa entidade subministradora, e terán a mesma tramitación e carácter que o resto dos contratos estando suxeitos ás mesmas condicións regulamentarias a excepción do referente á súa facturación, que só se emitirá recibo no caso de que exista consumo nun período determinado, sen considerar o mínimo a facturar.

## **SECCIÓN TERCEIRA.-INSTALACIÓNNS INTERIORES**

### **Artigo 30.-Concepto de instalacións interiores.**

A instalación interior está formada polo conxunto de tubaxes, elementos de control, manobra e seguridade, excepto o contador, posteriores ao tramo público da acometida, no sentido da circulación normal do fluxo da auga, que discorren pola propiedade privada a abastecer e que teñen por obxecto distribuír a auga do recinto, local ou vivenda nos termos previstos na normativa aplicable.

### **Artigo 31.-Condicións das instalacións interiores.**

1.-As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas polo/a abonado/a que poderá elixir libremente o instalador autorizado e axustaranse a canto para o efecto prescribe a normativa técnica vixente.

2.-A conservación e mantemento destas instalacións, así como os danos que poidan producirse como consecuencia dunha avaría nestas serán por conta e a cargo do titular ou titulares do contrato de subministración existente en cada momento ou, na súa falta, da persoa que o goce.

3.-Para a formalización dos contratos de subministración de auga será necesario que a instalación interior do inmoble, vivenda ou local de que se trate estea adaptada ás normas vixentes en cada momento.

### **Artigo 32.-Modificación das instalacións interiores.**

Os/as abonados/as do servizo de subministración de auga estarán obrigados a comunicar a entidade subministradora calquera modificación que realicen na disposición ou características das súas instalacións interiores, que poida afectar o emprazamento do contador e control dos caudais demandados.

### **Artigo 33.-Facultade de inspección.**

1.-A entidade subministradora poderá inspeccionar as instalacións interiores co fin de vixiar as condicións e forma en que estes utilizan a subministración. Se a instalación non reunise as condicións técnicas regulamentarias comunicárselle ao/á abonado/a as anomalías detectadas para a súa corrección no prazo que para ese efecto se determine.

2.-Se o/a abonado/a non cumple o disposto no apartado anterior, poderá a entidade subministradora interromper a subministración.

3.-Fóra dos supostos previstos nos apartados anteriores deste artigo, as inspeccións que leve a cabo a entidade subministradora a petición do/a abonado/a ou, no seu caso, ocasionadas pola súa acción ou omisión, que resulten infundadas, serán a cargo de quen as motivase.

## SECCIÓN CUARTA.–EQUIPOS DE MEDIDA

### Artigo 34.–Definición, emprazamento, clases e características.

1.–A medición dos consumos realizarase por contador, que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo.

2.–Considerarase subministración con contador, aquel que dispoña dun aparello que, sen máis limitación de caudal que a súa propia capacidade en canto ao consumo se refire, sinale o volume de auga que se conduciu a través deste.

3.–Os contadores instalaranse, con carácter xeral, á entrada dos inmobles, en armarios ou cuartos accesibles a este con fechadura homologada pola entidade subministradora.

4.–Atendendo ás características da instalación interior particular de cada edificio, a subministración de auga poderá concederse por contadores divisionarios ou por contador xeral:

a) Os contadores divisionarios miden os consumos particulares de cada abonado/a, a nivel de vivenda ou local. Estarán situados na batería de contadores do edificio.

b) O contador xeral mide a totalidade dos consumos domésticos producidos no edificio.

5.–En calquera caso, os locais comerciais ou de negocios que poidan existir en cada edificio deberán dispoñer dunha subministración independente e anterior ao contador xeral se existise este, situándose os seus contadores na batería do edificio.

1. No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Se non existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalarase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días ratearase a súa lectura.

2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose únicamente o mínimo que se recolla na Ordenanza fiscal. Correrán por conta dos/as abonados/as os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos bloques de tarifa máis elevada.

### Artigo 71.-Reducións por avarías fortuitas.

1.-No caso de constatarse a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a entidade subministradora poderá aplicar unha redución na factura coa solicitude previa do/a abonado/as nos seguintes termos:

a) Cando a avaría corresponda a un/unha abonado/a con tarifa doméstica revisarase a facturación sempre que a cantidade consumida sexa superior ao primeiro tramo da taxa pola prestación do servizo. Para iso calcularase unha redución nos metros cúbicos a facturar equivalente a cobrar todo o consumo ao prezo do primeiro tramo da taxa pola prestación do servizo que se encontre en vigor nese momento.

No caso de contadores xerais a redución que fai referencia ao presente apartado aplicarase únicamente cando a avaría se produza na instalación xeral da comunidade.

b) Cando a avaría corresponda a un/unha abonado/a con tarifa non doméstica revisarase a facturación sempre que a cantidade consumida sexa superior ao quíntuplo da media facturada no ano inmediatamente anterior. De non existir antecedentes suficientes teríase en conta para calcular este dato o consumo rexistrado nos 20 días posteriores a reparación da fuga rateado a unha anualidade. Neste caso a redución nos metros cúbicos a facturar, será a equivalente a cobrar todo o consumo ao prezo do primeiro tramo da taxa para uso doméstico pola prestación do servizo nese momento.

2.-En ambos supostos a entidade subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación "in situ" ou solicitando as probas que estime oportunas ao/á abonado/a, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación.

3.-Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

4.-A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto manteemento da instalación.

#### **Artigo 72.-Estrutura das tarefas e periodicidade da facturación.**

1.-A estrutura, composición, elementos e cuantificación das taxas devindicadas pola subministración de auga, serán as contidas neste Regulamento e na Ordenanza fiscal do Concello de Oleiros.

2.-Así mesmo, a Ordenanza fiscal do Concello de Oleiros recollerá o importe das restantes taxas devindicadas pola prestación dos servizos, nos supostos e termos previstos no presente regulamento.

3.-Os consumos facturaránse por períodos de subministracións vencidos, que non teñen porque ser períodos naturais, e a súa duración non poderá ser superior a tres meses. O primeiro período computarase desde a data de posta en servizo da instalación.

4.-Nos períodos de facturación en que estivesen vixentes varios prezos, a liquidación efectuarase por rateo.

#### **Artigo 73.-Requisitos das liquidacións de taxas.**

Nas liquidacións emitidas pola entidade subministradora deberán constar, como mínimo, os seguintes conceptos:

a) Enderezo de subministración.

b) Enderezo de notificación, se é distinto e figura como tal no contrato.

c) Tarifa aplicada.

d) Calibre do contador ou equipo de medida e o seu número de identificación.

e) Lecturas do contador que determinan o consumo facturado e data destas que definan o prazo de facturación.

f) Indicación de se os consumos facturados son reais ou estimados.

g) Indicación do Boletín Oficial que estableza a tarifa aplicada.

h) Indicación diferenciada dos conceptos que se facturen.

i) Importe dos tributos que se repercutan.

j) Importe total dos servizos que se presten.

k) Teléfono e domicilio social da entidade subministradora onde poden dirixirse parte solicitar información ou efectuar reclamacións.

l) Domicilio ou domicilios de pagamento e prazo para efectualo.

#### **Artigo 74.-Outros conceptos liquidables.**

As liquidacións xiradas aos/ás abonados/as incluirán obrigatoriamente, ademais das taxas contempladas no artigo 72, os canons e demais tributos que por lei graven o consumo da auga.

O Concello de Oleiros poderá engadir ao cobro na liquidación de taxas de maneira conxunta outros servizos de carácter municipal ou supra municipais que considere oportunos, tales como o servizo de sumidoiros, depuración ou a recollida de lixo.

#### **Artigo 75. Prazo e forma de pagamento.**

1.-O/a abonado/a deberá realizar o pagamento de facturas e cantidades debidas por calquera concepto dentro do prazo establecido pola Ordenanza fiscal xeral do Concello de Oleiros. Unha vez transcorrido o devandito período sen verificar o pagamento á entidade subministradora poderá proceder de acordo ao establecido nos artigos 65 e 66 do presente regulamento, esixíndose o seu pagamento pola vía de constrinximento.

2.-A forma de pagamento será:

- Mediante domiciliación bancaria na entidade que designe o/a abonado/a.
- Mediante recibo mecanizado para o seu cobro que poderá facer efectivo nas oficinas do xestor do servizo ou nas entidades bancarias, caixeiros ou pasarelles de pagamento que se sinalen neste.

As liquidacións de taxas son indivisibles, debendo ser abonadas na súa totalidade, polo tanto, non se admitirán pagos parciais polos distintos conceptos que figuren no recibo. Se por algúna razón se ingresase un recibo por un importe inferior á cantidad total entenderase que o recibo non foi pagado na súa totalidade.

#### **Artigo 76.-Corrección de errores na facturación.**

Nos casos en que por erro a entidade subministradora facturase cantidades inferiores ás debidas, graduarase o pagamento da diferencia nun prazo que, salvo acordo en contrario, será de igual duración que o período a que se estenden as facturacións erróneas, cun tope máximo de dous anos.

Non será atendida ningunha reclamación sobre as facturas que non sexa formulada polo/a titular do contrato ou persoas que o/a represente legalmente.

Se o/a abonado/a considera incorrecto o importe facturado, solicitará da entidade subministradora a súa rectificación nun prazo máximo de 60 días naturais desde a data de inicio de cobro en voluntaria que figure na Ordenanza fiscal xeral do Concello de Oleiros. No caso contrario a factura será considerada conforme polo/a subscriptor/a para todos os efectos.

#### **Artigo 77.-Fianzas.**

No momento de contratar o servizo de auga potable, o/a solicitante constituirá unha fianza a favor da entidade subministradora que garante calquera responsabilidade derivada do uso do servizo de auga potable, así como dos recibos pendentes de pagamento da taxa pola prestación do servizo domiciliario de auga e outras actividades conexas a este.

O importe da fianza será o establecido para o efecto pola Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa pola prestación do servizo domiciliario de auga e outras actividades conexas a este.

Nos casos de subrogación no contrato da auga a que se refire o artigo 58 deste regulamento, a fianza depositada considerarase consignada polo novo titular do contrato e nos contratos de auga para servizos contraincendios non se esixirá a dita fianza.

A fianza devolverase una vez se extinga o contrato da subministración.

### **CAPÍTULO VII.-TAREFAS DE INSPECCIÓN, DEFRAUDACIÓN E INFRACCIONES**

#### **Artigo 78.-Inspeccións.**

As inspeccións realizaranse a criterio da entidade subministradora e por persoal acreditado por esta podendo ser de carácter rutineiro ou motivadas por sospeitas ou denuncia de defraudación.

Se se atopa algúnsa irregularidade levantarase acta desta e dependendo da súa gravedade ou reiteración dos feitos poderase requerir a presenza da Policía municipal para que levante atestado da actuación.

A entidade subministradora, á vista do acta redactada, requirirá ao/á propietario/a da instalación, para que corrixa as deficiencias observadas nesta, co apercibimento de que de non o levar para efecto no prazo de cinco días hábiles, aplicarase polo procedemento de suspensión da subministración que corresponda. En todo caso poderase efectuar o corte inmediato da subministración dando conta por escrito ao/á abonado/a nas seguintes circunstancias:

- a) Cando se atopen derivacións na rede de abastecemento realizadas clandestinamente.
- b) Ante a negativa do/a propietario/a á entrada no seu domicilio por parte do persoal da entidade subministradora para a comprobación dunha denuncia por fraude.
- c) Nos casos de reenganche, roturas de precintos ou conexións sen contador realizados por persoa non autorizada pola entidade subministradora.

#### **Artigo 79.-Defraudacións.**

Como norma xeral entenderase como consumo fraudulento, calquera tipo de conexión, trucaxe ou manipulación nas instalacións co obxectivo de eludir o pagamento da cantidad de auga realmente consumida.

A entidade subministradora formulará unha liquidación por fraude segundo os casos e tendo en conta a cantidad de auga que se puidese defraudar:

- a) Se se determina a existencia de consumos sen contador e sen subscribir a correspondente póliza de abono.

Formularase unha liquidación por fraude, que incluirá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente corresponde ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta a xufo da entidade subministradora, cun tempo de tres horas diárias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento no que se emendase a existencia do fraude detectado, sen que poida estenderse en total a mais dun ano de consumo.

- b) Se se determina a existencia de consumos sen contador por parte dun/unha abonado/a con contrato en vigor.

Formularase unha liquidación por fraude, que incluirá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta a xuño da entidade subministradora, cun tempo de tres horas diárias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a derradeira lectura do contador e o momento no que se emendase a existencia do fraude detectado, sen que poida estenderse en total a máis dun ano de consumo.

c) Cando exista manipulación, alteración ou substitución non autorizada do contador.

Tomarase como base para a liquidación da contía do fraude, a capacidade de medida nominal do contador, considerándose un tempo de utilización ininterrompida de tres horas diárias desde a data de verificación do contador, sen que este tempo exceda dun ano e descontando os consumos que durante ese período fosen abonados polo/a autor/a da fraude.

d) Se existen derivacións de caudal de calquera tipo antes do equipo de medida.

Liquidarase de igual maneira que no apartado "a)" deste artigo e sen facer ningún desconto pola auga medida polo contador.

e) Cando se utilice a auga para usos diferentes aos contratados, con prexuízo da facturación por aplicación doutra tarifa.

Farase unha liquidación pola diferencia do importe da tarifa de todo o consumo realizado desde que se teña coñecemento do cambio de uso, cun límite máximo dun ano.

En todos os casos, o importe da fraude calcularase aplicando a estrutura e as tarifas da taxa de abastecemento de auga potable que se encontren en vigor, estando ademais suxeito aos impostos, taxas e canons que por lei graven o consumo da auga e outros conceptos liquidables que estableza o Concello de Oleiros como se recolle no artigo 74.

#### **Artigo 80.-Infraccións.**

1.-Na prestación do servizo de auga potable as infraccións cometidas polos/as abonados/as ou terceiros/as clasífi-canse en "leves" "graves" ou "moi graves":

##### **Infraccións "leves":**

a) Non comunicar ao servizo calquera modificación nas características do contrato.

b) Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.

c) Negarse os/as propietarios/as dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo servizo.

d) Impedir aos/ás funcionarios/as do servizo, debidamente identificados, a entrada nos domicilios ou locais en horas diúrnas para a lectura dos contadores ou inspección das instalacións.

e) Deixamento na reparación das fugas existentes nas instalacións interiores.

##### **Infraccións "graves":**

a) Romper os precintos do equipo de contador.

b) Conducir en parte ou na súa totalidade a auga a distinto lugar daquel ao que está destinada.

c) Fornecer auga a vivendas que carezan do Servizo aínda que non constitúa revenda.

d) Abrir ou pechar a chave de paso da rede por persoas alleas ao servizo.

e) Obstaculizar ao persoal do servizo no cumprimento das súas funcións.

f) Empregar a auga para rega cando por razóns de seca ou de consumo se prohiba expresamente.

##### **Infraccións "moi graves":**

a) Cometer calquera acto que dane as tubaxes, equipos ou instalacións do sistema de auga potable.

b) Calquera acción na rede de subministración que poida supoñer un risco de contaminación da auga.

c) Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succiona auga directamente das redes de subministración ou desde as conexións domiciliadas.

d) Realizar acometidas ou conexións sen autorización da entidade subministradora.

e) A revenda da auga.

#### **Artigo 81.-Contía das sancións.**

A comisión dunha infracción administrativa das tipificadas no artigo 80 determinará, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo común, a imposición das sancións sinaladas a continuación:

- Infraccións leves serán sancionadas con multa de contía variable desde 90 ata 500 €.
- Infraccións graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 501 ata 1.500 €.
- Infraccións moi graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 1.501 ata 3.000 €.

Os límites das sancións ordenaranse de acordo co establecido na Lei 57/03, de medidas para a modernización do goberno local.

En ningún caso a sanción será inferior ao beneficio económico que a infracción supoña para o infractor.

#### **Artigo 82.-Gradación das sancións.**

Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada. Valorarase a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración na comisión dos feitos e a intensidade dos danos causados a bens públicos ou as perturbacións ocasionadas aos/ás demais usuarios/as da vía pública.

#### **Artigo 83.-Responsabilidades por fraude e infraccións.**

Cando a fraude ou infracción puidese revestir carácter de delito ou falta, sen prexuízo de aplicar a sanción administrativa que corresponda, darase contado á xurisdición competente para que, no seu caso, esixa a responsabilidade criminal a que houbese lugar.

#### **Artigo 84.-Procedemento sancionador.**

Na tramitación de expedientes sancionadores aplícanse as regras establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ; art. 92 e 89 da Lei de augas de Galicia 9/2010 do 4 de novembro e demais disposicións en vigor.

### **CAPÍTULO VIII.-RECLAMACIÓN, RECURSOS E XURISDICIÓN**

#### **Artigo 85.-Réxime xurídico e procedemento.**

1.-Os actos que dite a entidade subministradora en exercicio das potestades e demais funcións que ten atribuídas en orde á prestación dos servizos a os que se refire a presente regulamento, e en xeral, as relacións cos/as usuarios/as estarán sujetos ás disposicións que rexan na actuación e procedemento das administracións locais.

2.-En tal sentido, os/as usuarios/as poderán formular ante o Concello de Oleiros calquera tipo de reclamacións, peticións ou solicitudes de información nos termos previstos polas citadas disposicións.

#### **Artigo 86.-Órganos competentes.**

As resolucións que segundo prevé esta regulamento deban ser adoptadas polo órgano ou órganos que designe o Concello de Oleiros.

#### **Artigo 87.-Réxime dos recursos.**

1.-Os actos que diten os órganos do Concello de Oleiros, poñen fin á vía administrativa e fronte a estes caberá a interposición, con carácter potestativo, de recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que os ditou, ou ben ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo.

2.-O réxime xurídico do recurso potestativo de reposición, así como de calquera outros que resultasen procedentes, será o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.-Como regra xeral, a interposición de recursos non paraliza o pagamento das facturacións ou liquidacións. Respecto á suspensión estarase ao establecido no art. 117 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.-Os procedementos que se refiran á aplicación e efectividade das taxas devidas polos servizos a que se refire a presente regulamento, serán de aplicación o réxime de recursos previstos nas disposicións de carácter tributario, e nos termos establecidos no regulamento.

**Artigo 88.–Procedementos alternativos aos recursos.**

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, a entidade adaptarase ás disposicións administrativas que poidan resultarlle de aplicación, e prevexan a substitución do recurso potestativo de reposición, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación e arbitraxe ante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, de conformidade ao art. 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Artigo 89.–Incumprimento da entidade subministradora.**

O incumprimento das obrigacións establecidas neste regulamento por parte da entidade subministradora poderán ser obxecto de denuncia de conformidade coa Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo R.D. lexislativo 1/2007, do 16 de novembro e demais disposicións en vigor.

**Artigo 90.–Xurisdición competente.**

O coñecemento das cuestións litixiosas que se susciten entre a entidade subministradora e os/as usuarios/as con ocasión da relación do servizo a que se refire o ámbito do presente regulamento corresponderá aos órganos da xurisdición contencioso- administrativa.

**Disposición adicional**

1.º.–No prazo de dous anos a partir da entrada en vigor deste regulamento os inmobles que teñan situados os contadores no interior das vivendas ou en lugares inaccesibles para a súa correcta lectura e manipulación, deberán adaptar as súas instalacións á normativa actual, ben centralizando os contadores do edificio nunha batería comunitaria ou ben instalando un contador xeral que rexistre o consumo do conxunto das vivendas que o conforman.

Transcorrido o prazo outorgado, o Concello de Oleiros de conformidade co art. 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia poderá esixir o seu cumprimento mediante ordes de execución e imposición de multas coercitivas.

2.º.–No prazo de 10 anos a contar da entrada en vigor deste regulamento procederase pola entidade subministradora á substitución dos contadores existentes.

**Disposición transitoria**

As condicións técnicas impostas neste regulamento que afecta á entidade subministradora ou aos/ás abonados/as, serán de obrigado cumprimento para aquelas instalacións que sexan aprobadas con posterioridade á súa entrada en vigor. En todo caso, calquera reparación, modificación, ampliación ou mellora das instalacións existentes terase que realizar de acordo a este regulamento.

En canto ao resto de obrigas impostas neste regulamento, serán de obrigado cumprimento unha vez se produza a súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria**

A partir da entrada en vigor do presente regulamento queda derogado o Regulamento do servizo de abastecemento de auga aprobado no pleno celebrado o 29 de marzo de 1967, así como a totalidade das normas aprobadas polo Concello de Oleiros en materia de subministración de auga potable que sexan contrarias a este.

**Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

- Modificación dos artigos 1.º, 2.º, 3.º, 5.º, 6.º, 7.º e 8.º da Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa pola prestación do servizo domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este. Tras as modificacións quedan redactados do xeito seguinte:

**Artigo 1.º.–FUNDAMENTO E NATUREZA.**

1.–En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a “taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este”.

2.–É obxecto desta taxa a realización das acometidas, o subministro e instalación de contadores (alta do punto de subministración, definida polo artigo 27 do Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello), o abastecemento domiciliario de auga potable, a concesión de dereitos de acometidas, a execución das actividades administrativas inherentes á contratación da subministración (póliza de enganche), as actuacións de suspensión da subministración (precintado

de contador), as actuacións de reconexión do servizo que fose suspendido, o mantemento do punto de subministración, establecido polo artigo 26 do Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello, o levantamento de contador para a súa verificación, no suposto regulado polo artigo 43.2 do Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello, así como calquera manobra que se realice sobre a rede de distribución e/ou acometida a que se refire o artigo 15 do Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello.

**3.–Normativa aplicable:**

Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello de Oleiros.

**Artigo 2.º.–FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imoñible da Taxa, a prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, con cantas actividades técnicas ou administrativas sexan necesarias ao dito servizo, tal e como se recolle no parágrafo 2 do artigo 1.º.

**Artigo 3.º.–SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria.

Cando se trate da alta do punto de subministración e da concesión de licenza de acometida á rede:

- Os promotores, no caso de inmobles de nova construcción
- Os propietarios, usufructuarios ou titulares do dominio útil dos inmobles ou actividades, cando estes no sexan de nova construcción.

No caso da prestación do servizo no que se beneficien ou fagan uso da subministración da auga potable:

Os propietarios, usufructuarios, arrendatarios ou precaristas.

En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

**Artigo 5.º.–COTA.**

A cota tributaria determinarase pola aplicación das tarifas seguintes:

**A) Abastecemento domiciliario de auga potable:**

CONSUMOS DE AUGA		EUROS/ M <sup>3</sup>
1.–Consumo non doméstico		0, 570490 €
2.–Consumo doméstico ( por porción de consumo)		
Porción Consumo 1:	Ata 54 m <sup>3</sup> /tre.	0,444647 €
Porción Consumo 2:	Consumos entre 54 m <sup>3</sup> e ata 108 m <sup>3</sup> tre.	0,822175 €
Porción Consumo 3:	Consumos que excedan os 108 m <sup>3</sup> tre.	1,006748 €

O mínimo facturable por aboados e trimestre é de 27 m<sup>3</sup>, tanto para aboadores domésticos como non domésticos, coa excepción dos contratos formalizados para tomas de incendios, que debido a súa natureza e prohibición de uso con fins distintos aos contratados, non será de aplicación, cobrándose solo cando se rexistre consumo nun período determinado.

**\*\* Estimación de consumos:**

1. No caso de contadores avariados facturarase atendendo as seguintes circunstancias: Si existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior. Si fosen inferiores ao ano, calcularfase a media aritmética dos coñecidos. Si non existisen antecedentes ou os que se tiveran non reflexaran con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalarase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días proratearase a lectura do mesmo.

2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas a Entidade Subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose únicamente o mínimo que se recolle nesta Ordenanza. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos bloques de tarifa máis elevada.

3. No caso de constatarse a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a Entidade Subministradora poderá aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado nos seguintes termos:

a) Cando a avaría corresponda a un abonado con tarifa doméstica revisarase a facturación sempre que a cantidade consumida sexa superior ao primeiro tramo da taxa pola prestación do servizo. Para iso calcularase unha redución nos metros cúbicos a facturar equivalente a cobrar todo o consumo ao prezo do primeiro tramo da taxa pola prestación do servizo que se encontre en vigor nese momento.

No caso de contadores xerais, a redución que fai referencia o presente apartado aplicarase únicamente cando a avaría se produza na instalación xeral da comunidade.

b) Cando a avaría corresponda a un abonado con tarifa non doméstica revisarase a facturación sempre que a cantidade consumida sexa superior ao quíntuplo da media facturada no ano inmediatamente anterior. De non existir antecedentes suficientes, terase en conta para calcular este dato o consumo rexistrado nos 20 días posteriores á reparación da fuga prorratoeado a unha anualidade. Neste caso a redución nos metros cúbicos a facturar, será a equivalente a cobrar todo o consumo ao prezo do primeiro tramo da taxa para uso doméstico pola prestación do servizo nese momento.

En ambos supostos a Entidade Subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación "in situ" ou solicitando as probas que estime oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación.

Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a Entidade Subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

#### **B) Dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento de auga**

Co obxecto de compensar o valor proporcional das inversións que o Concello deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e melloras das súas redes de distribución, ben no momento da solicitude, ou noutra ocasión, e no mesmo lugar ou en distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución, nas mesmas condicións anteriores á prestación da nova subministración, e sen ningunha diminución para os preexistentes, aboaranse os seguintes importes:

Diámetro Ø acometida ( mm)	Importe do derecho
Ata 25 (inclusive)	289,40 €
30	347,27 €
40	463,02 €
50	578,79 €
60	694,54 €
70	810,29 €
80	926,04 €
100	1.157,55 €

O non previsto na escala anterior liquidarase a razón de 11,58 € por mm de diámetro de acometida.

Tarifa reducida: aboarán únicamente o 10% da tarifa anterior, aqueles propietarios que colaborasen economicamente na realización das obras comunitarias do abastecemento da auga, segundo conste nos documentos obrantes no Concello. Ao tratarse dun servizo de recepción obligatoria, os propietarios que acometan á rede construída coa colaboración económica doutros veciños, virán obrigados a reintegrar ao Concello a parte proporcional que lles corresponda da achega veciñal. Ademais deberán satisfacer a totalidade da taxa por derecho de acometida.

#### **C) Formalización da póliza de enganche:**

A formalización da póliza de enganche formalizarase co pagamento previo de 23,16 €.

#### **D) Precintado de contador:**

O importe a satisfacer por cada precintado do contador será de 3,85 €.

#### **E) Dereitos de reenganche:**

O importe a satisfacer polos dereitos de reenganche será de 38,58 €.

**F) Fianza:**

Para a prestación do Servizo de auga, o aboador no intre de contratar constituirá a favor do Concello unha fianza a teor da seguinte táboa:

CALIBRE	IMPORTE FIANZA	
	CONTADOR	DOMÉST.
EN MM	DOMÉST.	NON DOMÉS.
13	41,54 €	57,09 €
15	41,54 €	57,09 €
20	69,22 €	95,14 €
25	96,92 €	133,20 €
30	166,15 €	228,34 €
40	276,91 €	380,56 €
50	415,37 €	570,85 €

Os diámetros non especificados na anterior táboa constituirán una fianza por 0,21 € por mm<sup>2</sup> de sección do contador.

A fianza garante calquera responsabilidade derivada do uso do servizo de auga potable, así como dos importes dos recibos pendentes de pago.

**G) Alta do punto de subministración**, que comprende a realización da acometida (obra mecánica) e instalación do contador, a que se refire o artigo 27 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

O importe da taxa é o sumatorio dos importes correspondentes ás táboas a.1) e a.2) (cando corresponda), e b) seguintes:

Táboa a.1.:

Acometidas con "T" fundición Bridada de derivación sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)			Acometidas con collarín de fundición sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)				
Tubo orixe da acometida ( mm )	Diámetro tubería derivación para acometida Ø mm (pulgadas)			Diámetro tubería acometidas Ø pulgadas			
	100(4")	90(3")	75 (2 1/2")	2"	1 1/2" ou 1 1/4"	1"	3/4"
300 mm	1.665,72	1.441,67	1.382,86	568,28	442,89	275,02	253,81
200 mm	1.020,61	854,22	799,00	554,61	429,22	261,35	240,14
160 mm	1.010,33	843,83	788,73	547,53	421,64	253,77	232,52
150 mm	874,85	708,35	653,25	520,53	395,14	227,27	206,06
110 mm	859,71	693,74	635,39	514,39	389,00	221,13	199,92
100 mm	791,25	625,28	566,93	509,23	383,84	215,97	194,76
90 mm		664,47	610,25	487,73	362,34	194,47	173,26
75 mm			572,35	487,03	361,64	193,77	172,56
63 mm ou menos				469,53	344,14	176,27	155,56

Táboa a.2.-Incremento por metro de tubería a partires de 6 m.

4" (100 mm)	3" (90 mm)	2 1/2" (75 mm)	2" (63 mm)	1 1/2" ou 1 1/4"	1" (32 mm)	3/4" (25 mm)
36,16 €	13,24 €	10,09 €	4,81 €	3,40 €	3,13 €	2,64 €

**Táboa b.-Subministro, instalación e precintado do primeiro contador**

Diámetro do contador	Importe	
	Contadores ordinarios Vol.	Contadores de Bridas WOLTMANN (Contra Incendios)
13 mm	41,60 €	-
15 mm	41,60 €	-
20 mm	63,41 €	-
25 mm	139,44 €	-
30 mm	209,42 €	-
40 mm	247,01 €	-
50 mm	279,79 €	389,76 €
65 mm	-	436,50 €
80 mm	-	493,49 €
100 mm	-	547,69 €
150 mm	-	886,64 €
200 mm	-	1.229,18 €

H) Mantemento do punto de subministración, que comprende a reparación, mantemento e substitución, tanto do contador instalado como do tramo da acometida que discorre polo dominio público, ata o límite da finca a fornecer, a que se refire o artigo 26 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros: 1,23 €/trimestre

I) Levantamento de contador para a súa verificación efectuada a instancia do suxeito pasivo da taxa, no suposto contemplado no artigo 43.2 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

Diámetro do contador	Importe (€)
13 mm	95,50
15 mm	95,50
20 mm	100,00
25 mm	101,13
30 mm	102,25
40 mm ou máis	104,50

J) Manobra sobre a rede de subministración a que se refire o artigo 15 do Regulamento do subministro de auga potable do Concello de Oleiros: 22,50 €/manobra.

**Artigo 6.º.-BONIFICACIÓN E EXENCIÓNS.**

a) Bonificacións no servizo de abastecemento domiciliario de auga potable:

1.-Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de catro persoas, sempre que estas estean empadroadas na mesma vivenda.

2.-O beneficiario da bonificación terá que ser titular da póliza do aboamento á subministración da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

3.-A bonificación aplicarase de oficio. Aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao segundo trimestre do ano 2004 en base á información facilitada o día 1 de Abril de 2004 polo Departamento de Estatística do Concello.

4.-Non obstante do anterior, se a alta na titularidade do contrato, ou a convivencia na vivenda de máis de catro persoas, se produce con posterioridade ao 1 de abril de 2004, aplicarase á bonificación que corresponda a partir da facturación do trimestre posterior á data en que se produce o cambio de circunstancias. O día primeiro de cada trimestre natural serán notificadas polo Departamento de Estatística do Concello á Entidade subministradora do servizo de auga potable as modificacións acaecidas durante o trimestre anterior en máis ou en menos do número de persoas empadroadas por vivenda, que poidan modificar o dereito á bonificación.

5.-Importe das bonificacións:

**5.1.-VIVENDAS CON ACOMETIDA INDIVIDUAL.**

5.1.1. Nos aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por máis de catro persoas e menos de oito, e con consumos trimestrais iguais ou inferiores a 95 m<sup>3</sup>/trimestre., beneficiaranse dunha bonificación no prezo dos m<sup>3</sup> consu-

midos no trimestre que superen os 54. A bonificación consistirá en aplicar, aos m<sup>3</sup> consumidos, situados na porción 2 do consumo, o prezo do m<sup>3</sup> establecido para a porción 1 nas tarifas vixentes.

5.1.2. Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, e o consumo sexa igual ou inferior aos 122 m<sup>3</sup>/trimestre, beneficiaranse dunha bonificación no prezo dos m<sup>3</sup> consumidos no trimestre que superen os 54. A bonificación consistirá en aplicar, aos m<sup>3</sup> consumidos, situados na porción 2 do consumo, o prezo do m<sup>3</sup> establecido para a porción 1 e para os situados na porción 3 do consumo, o prezo do m<sup>3</sup> establecido para a porción 2 nas tarifas vixentes.

## 5.2. VIVENDAS CON ACOMETIDA COLECTIVA.

5.2.1. Para os aboamentos dunha toma colectiva destinada só a vivendas dunha mesma finca, na que unha ou varias vivendas estean habitadas por máis de catro persoas e menos de oito e cando o consumo xeral da finca sexa superior a 54 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda e igual ou inferior a 95 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda, a tarifa para os m<sup>3</sup> consumidos que superen os 54 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda, bonificarase, por cada vivenda habitada por máis de catro persoas e menos de oito, co previsto no apartado 5.1.1.

5.2.2. Para os aboamentos dunha toma colectiva destinada só a vivenda dunha mesma finca, na que unha ou varias vivendas estean habitadas por máis de oito persoas e cando o consumo xeral da finca sexa superior a 54 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda e igual ou inferior a 122 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda, a tarifa para os m<sup>3</sup> consumidos que superen os 54 m<sup>3</sup>/trimestre/vivenda, bonificarase, para cada vivenda habitada por máis de oito persoas, co previsto no apartado 5.1.2.

### b) Exencións na taxa de precintado de contador e fianza:

Estarán exentos destas taxas os suxeitos pasivos, no caso de subrogación no contrato da auga a que se refire o artigo 58 do Regulamento do subministro domiciliario de auga do Concello de Oleiros.

### c) Exención na taxa por dereitos de acometida e fianza:

Estarán exentos do pago destas taxas, os suxeitos pasivos dos contratos de auga para servizos contraincendios.

## Artigo 7.º.-DEVINDICACIÓNES.

1.-A taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga e de mantemento do punto de subministración devindícase desde o momento que se inicia a prestación do servizo.

2.-As taxas polo resto de actividades conexas ao servizo de abastecemento domiciliario de auga iniciadas a instancia de parte, devindícanse no momento de presentación da solicitude que inicie a tramitación dos expedientes. As actividades iniciadas de oficio, devindícanse cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio.

## Artigo 8.º.-NORMAS DE XESTIÓN.

1.-O pagamento da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e de mantemento do punto de subministración efectuarase no momento da presentación, ao obrigado a realizarlo, da correspondente factura, que se realizará con periodicidade trimestral.

2.-As débedas correspondentes á prestación do servizo de abastecemento da auga poderán esixirse polo procedemento de constrinximento, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación.

3.-As taxas polo resto de actividades conexas ao servizo de abastecemento domiciliario de auga potable esixiranse:

a) Os dereitos de acometida, no caso de acometidas de nova construcción, mediante a autoliquidación, con carácter previo á solicitude do derecho de acometida, que coincidirá coa solicitude de licenza de obras.

b) Os dereitos de acometida, no suposto de acometidas que non sexan de nova construcción, as taxas pola formalización da Póliza de enganche, o precintado de contador, os dereitos de reenganche, a taxa de alta do punto de subministración, a taxa por levantamento de contador e a taxa por manobra sobre a rede de subministración, mediante a liquidación emitida pola empresa xestora do servizo de auga potable.

4.-No suposto de arquivo da solicitude de derecho de acometida regulado polo apartado a) do punto 3 anterior, tramitado ao amparo do artigo 6, parágrafo 3 da Ordenanza reguladora do procedemento para solicitar licenzas de edificación e uso do solo, o solicitante terá derecho á devolución dun 80% do importe das taxas previamente ingresadas.

5.-Procederá a devolución das taxas por levantamento de contador, cando da verificación se constate que se encontra fora de normas.

De conformidad co disposto no artigo 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, pónse en xeral coñecemento que os acordos citados quedan definitivamente aprobados, conforme aos artigos de referencia.

Oleiros, a 2 de febreiro do 2017.

A 1.ª TTE. ALCALDE-DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA

Asdo.: M.<sup>a</sup> José Varela Neira

